


LIMIAR CON ARELAS ANTIGAS

Por Kathleen N. March



nila northSun, indíxena Chippewa-Shoshone, reside na reserva de Stillwater, no estado de Nevada. É autora de dous poemarios e as súas poesías se encontran en antoloxías como *New Worlds of Literature* e *Reinventing the Enemy's Language*, ambasduas de Norton. *a snake in her mouth. poems 1974-96* (Albuquerque, New Mexico, West End Press, 1997), comprende catro seccións: (1) movin camp too far (levamos os típis lonxe demáis); (2) the way & the way things are (o xeito e o xeito de seren as cousas); (3) silos & sieves (eiras & peneiras); e (4) 99 things to do before you die (99 cousas que cómpre facer un antes de morrer).

O primeiro que ven os lectores é a ausencia de puntuación e de maiúsculas, a presenza do signo & e dos números. A impresión é, por tanto, a dunha poesía improvisada ou feita por unha persoa non culta, impresión que de seguida os lectores rexeitan por errada, polo contido e o ton tan fondamente serio. O formato (versos curtos, desiguais) e o léxico (posmoderno no emprego de termos comerciais, marcas, modas, frases feitas, cultura popular e fácil) representan un mundo materialista e individualista sobreposto ás tradicións dos devanceiros indíxenas, tradicións afogadas, esmagadas e violentamente deterioradas pola cultura allea dos brancos invasores.

As voces dos indíxenas tamén están afogadas polo inglés, agonizan na reserva que non está «reservada» nen sequer para os indios, senón que resulta ser un cárcere no que os moradores se ven obrigados a tragar o pan diario dos nachos (os chips tex-mex) cun queixo artificial derretido, comida chinesa para levar, McDonalds e alcol alcol alcol. As familias bregan entre a violencia da pobreza e a discriminación; fan festas típicas e por

debaixo do presente posíbel se laían do que se perdeu. Mistúranse sensualidade e brutalidade, amor e incesto, respecto polo antigo e vergoña da falta de modernidade. Coas máquinas decrepitas e os espíritos vencidos, a reserva é un tumor na paisaxe do novo país dos EE.UU., mentres que a infección branca está incrustada no espazo indio como un cancro maligno e incestuoso.

Na poesía de nila northSun só hai dúas esperanzas posibeis. Unha é a posibilidade —non totalmente negada— de que as raíces culturais sexan dabondo profundas para resistiren a loita a morte contra os invasores. A outra é o humor, que devala entre a ironía dura, esixente e nada sutil e o cinismo acusador, perfectamente orientado cara ás causas e aos efectos. Nos ermos da soidade indíxena é onde agroma un agarimo tenue, tentativo e tristeiro que todos os lectores, dentro e fora da «Res», desexamos cultivar. O agarimo e a fidelidade poden moito máis cas leis dun goberno xordo, alleo aos primeiros moradores destas terras. Nun poema como «ancient yearnings» percebe-se o desexo de continuidade dos indios, de non seren extinguidos para sempre:

arelas antigas

solpores ardentes no deserto
derreten-se, formando luas cheas pantasmais
petroglifos luminosos mais sen
revelar nengún segredo
agás unha invitación aos amantes
a empregalos
como facían os devanceiros